



Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada na xuntanza do día 10/04/2014

| | |
|---|--|
| Data | 17/10/2013 |
| Lugar | Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo. |
| Inicio da xuntanza | 18:10h (2ª convocatoria) Fin da xuntanza 20:05 |
| Asisten | <ul style="list-style-type: none"> • Presidente, Santos Héctor Rodríguez Díaz • Asesora da presidencia: Olga Alonso Suárez • Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Eugenio de la Iglesia Delgado • Santiago Rodríguez Sánchez • Anxos Collazo Trigo • Isabel López Lorenzo • Rafael Dominguez de la Iglesia • Antonio Madrid Risquez • Pedro Nozal Cantarero • Agostiño Nieto Pazo - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Jesús Granja Pereira • Mª Bertila Fernández Pérez - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Esperanza Dacosta Dapena • Xan F. Centrón Montero • Francisco Piñeiro Lorenzo • Iolanda Veloso Ríos |
| Escusan asistencia | <ul style="list-style-type: none"> • Representante da Administración Educativa, Gonzalo Fernández Fernández • Sector docente: Xesús Rodríguez Amil • Sector docente : Adolfo Gálvez Pazos • Sector usuarios/as: Nuria del Río • Sector usuarios/as: Vanesa Villa Blázquez • Sector usuarios/as : José F. Rodríguez Pérez • Sector usuarios/as: Carmen Esteban Romero • Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez • Sector social: Manuel Alonso Vieytes • Sector social: Manuel Vieites García • Sector social: Cipriano Luis Jiménez Casas |
| Non asisten | <ul style="list-style-type: none"> • Sector social: Aurora Álvarez Castro • Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez • Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado • Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero • Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez |
| Servizo de Educación e Asistencia Técnica | Ana Isabel Castro Davila (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV). |

Orde do día

1. Lectura e aprobación, se procede, da Acta Anterior
2. Cambios dos representantes do CEMV
3. Informe da presidencia do CEMV
4. Aprobación da Memoria Anual de Traballo
5. Informes e Plans de Traballo anuais das Comisións de Traballo
6. Propostas de mocións
 - Proposta da Comisión de equipamentos e planificación educativa sobre a LOMCE
 - Proposta da Comisión de equipamentos e planificación educativa sobre o Decreto de Comedores
 - Proposta da Comisión pedagóxica e de innovación educativa sobre a gratuidade dos libros de texto
7. Rogos e Preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

Antes de comezar coa orde do día, o presidente comunica que Olga Alonso Suárez, ex concelleira de educación, asistirá ás xuntanzas como asesora do Concelleiro.

1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

O Presidente pregunta se algún dos presentes desexa modificar a acta da sesión anterior. Ninguén solicita introducir cambios no texto.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior

2.- Cambios de representantes do CEMV

O Presidente comunica os tres cambios que se producen no seo do CEMV desde a última sesión plenaria.

Presidencia

- * **Santos Héctor Rodríguez Díaz**, Concelleiro delegado de Educación do Concello de Vigo, pasa a ocupar o cargo de M^a Olga Alonso Suárez.

Sector docente

- * **Agostiño Nieto Pazo**, representante do STEG pasa a ocupar o cargo de Tereixa Otero Dacosta

Sector usuarios

- * **Carmen Esteban Romero** representante de SURGAPA pasa a ocupar o cargo de M^a Dolores Iranzo Simo

Sector social

- * **Jaime Estévez Vila** representante dos directores de centros públicos de secundaria causou baixa sen que se nomeara aínda substituto.

O secretario comenta que con estes cambios as dúas comisións de traballo quedan mermadas e anima aos membros do Pleno a que se incorporen a elas. Explica que por exemplo no caso da Com. de Equipamentos, aínda que Agostiño Nieto substitúe a Tereixa que presidía a Comisión, xa manifestou que non poderá asumir a presidencia polo que se precisa que algún dos membros con máis experiencia asuma o cargo. En canto á Com. Pedagóxica, ao cesar Xaime Estévez, queda sen un dos seus vogais. O secretario explica que en canto se teña substituto se informará ao Pleno.

3.- Informe da Presidencia do CEMV

O presidente presenta os seguinte informe:

- Continuidade nas **labores de conservación, mantemento, reforma e adecuación e mellora das infraestruturas escolares dos centros públicos**, tentando racionalizar as intervencións e buscando unha maior eficiencia no gasto.

(*** Cómpre subliñar que no aspecto normativo se está á espera da versión definitiva, contido e calendario de aplicación da Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, polo que puidera afectar á eliminación de competencias impropias dos Concellos, en clara alusión ao traspaso ás comunidades autónomas dos gastos de mantemento, pequenas

reparacións, alarmas, ascensores, calefaccións, limpeza e consumos enerxéticos dos centros educativos públicos de educación infantil e primaria. A citada **“Reforma Local”**, **moi contestada dende as administracións locais (vulnera principio de autonomía local, invade marco competencial, non mellora a financiación local, non responde ás necesidades reais dos Concellos), determinará as atribucións e competencias que desempeña cada Admon. e o financiamento necesario para atendelas.**

Investimento de 5.000.000.-€ no ano 2013 por este concepto, e recente modificación orzamentaria por importe de 222.500.-€ para acometer antes de final de ano, actuacións de mellora de patios en centros escolares.

Aprobación inminente por parte da XGL nomeamento interino por acumulación de tarefas durante 6 meses de 12 axudantes de oficios (porteiros-vixiantes centros escolares).

- Aumento de equipamentos da **Rede de Escolas Infantís Municipais de 0-3 anos (REIM)**: Actualmente integrada por 6 Escolas Infantís que escolarizan a 460 escolares, **engadirá en breve a EIM “Mestres Goldar”**, e as futuras EIM “Navia” e EIM “Lavadores”. O Concello a diferenza do goberno autonómico que continuamente incrementa as taxas, conxela e non incrementa as tarifas aos seus usuarios.

A Xunta de Goberno Local na sesión do 11/10/2013 aprobou o proxecto para a construción da nova EIM de Navia por importe de 718.000.-€ e un prazo de execución previsto de 7 meses.

- Despregar a potencialidade educadora dos recursos existentes nas **escolas municipais de ensinanzas artísticas non regradas** ou centros educativos de carácter periférico: EM Música, E-Trad, EM Teatro, EM Danza. **Cun custe de 900.000.-€ ten matriculados a preto de 1.500 persoas**
- Potenciar a oferta educativa da **EMAO (1.309.249,20 custe xestión ano 2013)** e solicitar que se impartan titulacións universitarias na **AULA UNED-VIGO (CONVENIO ANUAL 53.358.-€).**

- Continuar a mellorar e reforzar o **Convenio coa FOANPA (656.039,31.-€)** para a xestión de comedores escolares, talleres matinais ou aulas madruga, dinamización de actividades extraescolares.
- Inclusión no borrador de orzamento para 2014 do programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés” que promove a mellora da capacitación en lingua inglesa nos High Schools en réxime de integración e **neste intre nova edición 2013-2014 de continuidade das 46 becas municipais cun investimento de 80.000.-€ para estancias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV): Londres 33, París 5, Berlín 3, Roma 2, Lisboa 1, Tokio 1 e Pekín 1.**

4.- Aprobación da Memoria Anual de Traballo

O secretario presenta a memoria da actividade do CEMV no curso 2012-13:

1. Presentación

Tal e como recolle o [Regulamento de Organización e Funcionamento do Cemv](#), no seu *artigo 23*, o Consello Escolar Municipal de Vigo ten que presentar unha memoria de actividades onde se dea conta do feito por este órgano colexiado municipal.

Artigo 23. Memoria de actividades

1.- O CEMV ao remate de cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación no curso escolar correspondente, explicando de xeito conciso cada unha das principais actuacións levadas a cabo e xustificando a súa contribución á mellora do sistema educativo.

2.- O procedemento que se ha seguir para a súa emisión e achega será o regulado con carácter xeral para á elaboración de ditames.

3. Para a elaboración da memoria anual de actividades tomaranse como referente as actas do Pleno e da Comisión Permanente, e teranse en consideración os informes previos das restantes comisións.

Durante o curso escolar 2012-2013 o Cemv traballou en diferentes áreas que afectan directamente á comunidade educativa do Concello de Vigo, tomando como base o labor desenvolvido polas dúas comisións de traballo.

2. Cronograma das actividades do CEMV

No seguinte calendario podemos visualizar a actividade deste órgano durante o curso 2012-2013. Nel remárcanse as xuntanzas das comisións de traballo do CEMV -pedagóxica e equipamentos-, as xuntanzas da Comisión Permanente, as sesións plenarias, as reunións de coordinación da asistencia técnica co servizo de educación e outros actos e actividades puntuais.

| Setembro de 2012 | | | | | | | Outubro de 2012 | | | | | | |
|------------------|----|----|----|----|----|----|-----------------|----|----|----|----|----|----|
| l | m | m | x | v | s | d | l | m | m | x | v | s | d |
| | | | | | 1 | 2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 29 | 30 | 31 | | | | |

| Novembro de 2012 | | | | | | | Decembro de 2012 | | | | | | |
|------------------|----|----|----|----|----|----|------------------|----|----|----|----|----|----|
| l | m | m | x | v | s | d | l | m | m | x | v | s | d |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 | | | | | 1 | 2 | |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| | | | | | | | 31 | | | | | | |

| Xaneiro de 2013 | | | | | | | Febreiro de 2013 | | | | | | | |
|-----------------|---|---|---|---|---|---|------------------|----|----|----|----|----|----|---|
| l | m | m | x | v | s | d | l | m | m | x | v | s | d | |
| | | | | | | | | | | | | 1 | 2 | 3 |
| | | | | | | | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | |
| | | | | | | | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | |
| | | | | | | | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | |
| | | | | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | |

| Marzo de 2013 | | | | | | | Abril de 2013 | | | | | | | |
|---------------|---|---|---|---|---|---|---------------|----|----|----|----|----|----|---|
| l | m | m | x | v | s | d | l | m | m | x | v | s | d | |
| | | | | | 1 | 2 | 3 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| | | | | | | | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | |
| | | | | | | | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | |
| | | | | | | | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | |
| | | | | | | | 29 | 30 | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | |

| Maio de 2013 | | | | | | | Xuño de 2013 | | | | | | | | | |
|--------------|---|---|---|---|---|---|--------------|----|----|----|----|----|----|--|---|---|
| l | m | m | x | v | s | d | l | m | m | x | v | s | d | | | |
| | | | | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | | | | | 1 | 2 |
| | | | | | | | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | | | |
| | | | | | | | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | | | |
| | | | | | | | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | | | |
| | | | | | | | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | |

| Xullo de 2013 | | | | | | |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| l | m | m | x | v | s | d |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | | | | | |


Xuntanzas do Pleno
Xuntanzas da Comisión Permanente
Xuntanzas da Comisión Pedagóxica
Xuntanzas da Comisión de equipamentos
Homenaxe a Constancio Veiga e Jose M^a García Picher
 Xuntanzas de coordinación Asistencia técnica no Departamento de Educación
 Xuntanzas cos representantes dos centros de ensinanzas artísticas

3. Sesións plenarias

Segundo o establecido no regulamento interno do CEMV, (*artigo 17. Réxime de Xuntanzas do Pleno*), durante o pasado curso escolar tíñanse que ter celebrado un total de 3 sesións plenarias, unha por trimestre. Os cambios producidos na titularidade da Concellería de Educación durante o curso escolar 2012-13, provocaron que non se celebrase a última xuntanza plenaria.

A participación dos membros do CEMV nestas xuntanzas plenarias foi superior ao 50%, mostrando no último pleno un claro ascenso.

1. Pleno 28/11/2012: 51,51 %
2. Pleno 18/04/2013: 60,60 %



Resumo do tratado nos Plenos:

| Data | Temas abordados |
|---------------|--|
| 1: 18/11/2012 | <ol style="list-style-type: none">1. Informe da Presidenta do CEMV, proceso de renovación parcial do CEMV2. Aprobación da Memoria Anual de Actividades 2011-20123. Propostas de planificación das comisións de traballo para o curso académico 2012-20134. Proposta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa para que Vigo se converta nunha cidade máis inclusiva.5. Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre comedores escolares |

Nesta sesión, comezouse anunciando os cambios producidos trala renovación por metades dos membros do CEMV:

| Sectores | Institucións que tiñan obriga de renovar os membros | NOVO REPRESENTANTE | ANTIGUO REPRESENTANTE |
|--------------------|---|--|--|
| Sector docente | CCOO | Eugenio de la Iglesia Delgado | M ^a del Carmen Lorenzo Vila |
| | CIG-Ensino | Anxos Collazo Trigo | Marina Pérez Costas |
| | UXT | Isabel López Lorenzo | Isabel López Lorenzo |
| | FSIE Galicia | Adolfo Gálvez Pazos | Adolfo Gálvez Pazos |
| | STEG | Tereixa Otero Dacosta | Tereixa Otero Dacosta |
| Sector usuarios/as | FOANPAS | María Jesús Granja Pereira | Iago Fernández Fonseca |
| | FOANPAS | Nuria del Río Campos | Juan José Piñeiro Martínez |
| | SURGAPA | Vanesa Villa Blázquez | Beatriz Blanco Bastos |
| Sector social | Director/a centros públicos secundaria | Jaime Estévez Vila | Manuel Rodríguez González |
| | Central sindical (non ámbito educativo) | Aurora Álvarez Castro (alternancia trimestral UXT - CIG-CCOO) | Consuelo Martínez García |
| | Titular centros privados | Manuel Alonso Vieytes | Joaquín Pereira Somoza |
| | Consello Municipal da Muller | Iolanda Veloso Ríos | Ángeles Arias Miño |
| | Ensinanzas artísticas | Manuel Vieites | Rodrigo Romaní Blanco |

Durante a xuntanza, apróbase a Memoria Anual de Actividades 2011-2012 e os informes e Plans de traballo das dúas comisións así como todas as propostas e mocións presentadas:

- Proposta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa para que Vigo se converta nunha cidade máis inclusiva. Mariña López, membro da Comisión de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) de Foanpas, presenta o dossier de accesibilidade creado por esta comisión, co fin de que se remita ás concellerías pertinentes.
- Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre comedores escolares

| Data | Temas abordados |
|---------------|---|
| 2: 18/04/2013 | <ol style="list-style-type: none"> 1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede. 2. Cambios de representantes do CEMV 3. Informe da Presidenta do CEMV 4. Informes das comisións de traballo 5. Propostas de mocións: <ul style="list-style-type: none"> • Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre comedores escolares. • Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a LOMCE 6. Ratificación do acordo plenario de recoñecemento ás figuras de Constancio Veiga González e José M^a García Picher |

Neste Pleno comunícanse os seguintes cambios na composición do CEMV:

- M^a Olga Alonso Suárez, Concelleira Delegada de Educación do Concello de Vigo, pasa a ocupar o cargo de Raquel Díaz Vázquez.
- Esperanza Dacosta Dapena, Directora do CEIP San Salvador de Teis, pasa a ocupar o cargo de M^a Olga Alonso Suárez.
- Consuelo Martínez García, representante da central sindical CIG (alternancia trimestral UXT - CIG- CCOO) pasa a ocupar o cargo de Aurora Álvarez Castro-UXT

Apróbanse as seguintes mocións:

- Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa na que se rexeita o proxecto de novo Decreto de comedores escolares
- Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa na que se rexeita o Anteproxecto de Lei, LOMCE


Ratifícase o acordo plenario de recoñecemento ás figuras de Constancio Veiga González e José M^a García Picher

Con este Pleno remata o traballo feito polo CEMV durante o curso escolar 2012-2013

4. Comisión Permanente

Celebráronse catro xuntanzas coa seguinte porcentaxe de participación:

1. 15/11/12: 87,5%
2. 21/03/13: 100%
3. 10/04/13: 87,5 %




Os puntos tratados nestas xuntanzas foron os que seguen:

| Data | Temas abordados |
|--|--|
| 1: 15/11/2012 | <ol style="list-style-type: none"> 1. Dar conta da renovación de cargos. Informe sobre a renovación regulamentaria de membros do CEMV. 2. Presentación da Memoria anual de actividades 2011-2012 3. Informes e Plans de traballo das Comisións de Traballo. 4. Analizar as propostas e mocións presentadas polas comisións de traballo: <ul style="list-style-type: none"> • Proposta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa parara que Vigo se converta nunha cidade máis inclusiva. • Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre comedores escolares 5. Acórdase convocar a un membro da Comisión de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) de Foanpas. |
| 2: 21/03/2013 | <ol style="list-style-type: none"> 1. Informes das Comisións de Traballo. 2. Acórdase facer una xuntanza extraordinaria para dar tempo ás comisión de traballo para que elabores as mocións a presentar no Pleno 3. Acórdase facer un convite aos representantes de alumnos nos Consellos Escolares de Centro para que asistan a unha sesión plenaria |
| 3: 10/04/2013 Xuntanza extraordinaria e urxente | <ol style="list-style-type: none"> 1. Analízanse e decídese levar ao Pleno as propostas de mocións da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa: <ul style="list-style-type: none"> • Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a LOMCE • Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre comedores escolares |

5. Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

Celebráronse cinco xuntanzas coa seguinte participación:

1. 23/10/2012: 85,71%
2. 14/02/2013: 85,71%
3. 15/05/2013: 85,71%
4. 03/06/2013: 85,71%
5. 17/06/2013: 71,42%




O traballo desta comisión comezou na xuntanza celebrada o día 23/10/2013 na que se estableceu o Plan de traballo anual. Como nos anos anteriores, esta comisión centrou o seu traballo na convivencia e acordou crear un seminario permanente ao que se lle daría o nome de Suso Jares. Este seminario pretende ser un foro de discusión e debate no que intercambiar diferentes perspectivas e experiencias sobre cuestións fundamentais para que no Concello de Vigo se conte cunha educación inclusiva e de calidade.

O primeiro paso para levar a cabo o seminario é realizar accións puntuais como na que se traballou durante o curso. A acción denominouse “O que falas, fala de ti” e trátase dun programa que se desenvolverá nos centros educativos durante o curso 2013/2014. A intención é que se desenvolvan actividades nos centros que conxuguen convivencia e linguaxe.

6. Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa

Celebráronse catro xuntanzas coa seguinte participación:

1. 25/10/2012: 37,5%
2. 13/12/2012: 37,5%
3. 20/02/2013: 25%
4. 14/03/2013: 37,5%



É preciso salientar que o nivel de participación dos membros desta Comisión descendeu con respecto ao de cursos anteriores. Tras a renovación de membros do CEMV, a comisión quedou resentida, e conviría reforzala de cara ao curso 2013/2014.

Este grupo de traballo centrou os seus esforzos no análise do anteproxecto de lei LOMCE e no anteproxecto do decreto de comedores. Durante o curso presentáronse diferentes mocións ao respecto. Por outra banda, mostraron a súa intencionalidade de retomar o estudo da zonificación para o que solicitaron informes sobre as liñas de transporte escolar, as paradas e número de usuarias e usuarios de cada unha, nos colexios públicos da cidade de Vigo e sobre as actuacións previstas no PXOUM que poidan afectar aos centros educativos públicos actuais. A finais do curso aínda non conseguiran toda a documentación solicitada.

7. Acto de recoñecemento ás figuras de Jose M^a García Picher e

O 30 de maio de 2013 celebrouse no Instituto Municipal de Educación o acto para homenaxear ás figuras de Constancio (Chito) Veiga e Jose M^a García Picher polo importante labor pedagóxico e docente que ambos desempeñaron ao longo da súa vida.

Ao acto estivo presidido polo actual Concelleiro de Educación, Santos Héctor, e pola exconcelleira Olga Alonso. Os dous eloxiaron a gran traxectoria profesional e a inmensa calidade humana dos dous homenaxeados, e fixeron referencia á importante pegada que estes deixaron na cidade de Vigo. No acto estiveron presentes as familias dos homenaxeados, que recibiron sendos documentos escritos por representantes do CEMV no momento que se acordou facer este recoñecemento.

Olga Alonso deu lectura ás palabras escritas por Xose Manuel Pena, secretario de Foanpas e membro do CEMV no 2011, quen escribiu sobre Jose M^a García Picher que *“nos agasallou coa súa presenza e o seu traballo nos centros de ensino e da administración da cidade ó longo da súa vida, e deixou en todos unha grande pegada na que se recoñece a súa innata labor de mestre , tanto do ensino coma da vida de tantos vigueses e a xenerosidade coa que se entregou a tal fin. García Picher non só soubo dar grandeza a cidade de Vigo co seu traballo, senon que ademáis soubo realmente dar significado á palabra MESTRE”*

Bertila Fernández, como representante de FOANPAS, entregou ás familias un agasallo en nome das nais e pais do Concello e dedicoulle unhas sentidas palabras a quen foi o seu mestre na montaña, Constancio Veiga, *“gustaríame dicir que hoxe as montañas se visten de gala porque chega Constancio, e non se escoitará o silencio senón as melodías do tintineo das clavixas e mosquetóns e o murmurio do seu camiñar. Grazas mestre, ata sempre”*

8. Difusión e comunicación mediática

De acordo co *artigo 2.1* do Regulamento orgánico de organización e funcionamento, o CEMV ten entre as súas finalidades ofrecer a máis ampla información sobre a súa actividade e sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal. Así mesmo, “a Presidencia disporá que, de cada sesión do Pleno do Consello, se redacte unha nota informativa, referida fundamentalmente aos acordos tomados, co obxecto de comunicar á opinión pública, a través dos medios de comunicación social e da páxina web do Concello de Vigo, as actividades e posicións do Consello Escolar Municipal de Vigo” (*artigo 20.7*).

En relación con estas cuestións, desenvolvéronse as seguintes actuacións de difusión e comunicación mediática:

7.1 Comunicación mediática:

Enviáronse catro notas informativas á prensa cos seguintes titulares:

- 29/11/2012: O Consello Escolar Municipal de Vigo, CEMV, aproba unha moción presentada na sesión plenaria sobre comedores escolares
- 19/04/2013: O pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo, CEMV, rexeita o proxecto de Decreto de comedores da Consellería de Educación
- 22/04/2013: O pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo, CEMV, rexeita o anteproxecto de lei LOMCE
- 31/05/2013: O Concello de Vigo a través do seu Consello Escolar Municipal CEMV, fai un recoñecemento ás figuras de Constancio Veiga e Jose M^a García Picher

7.2 Comunicación a entidades públicas:

As actas –unha vez aprobadas- e acordos das sesións plenarias do CEMV enviáronse ás seguintes entidades:

- Ao Gabinete de Alcaldía do Concello.
- Aos grupos políticos do Concello.
- Ao Consello Escolar de Galicia.
- Ao Xefe Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Á Consellería de Educación, cando se estime oportuno.

Asemade enviouse certificación dos seguintes acordos tomados nas sesións plenarias á Delegada Territorial, ao Xefe Territorial e ao Conselleiro Educación:

- Acordo por maioría de votos emitidos (16 votos favorables e 1 abstención) de aprobación da proposta presentada pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa para transmitir á Consellería de Educación da Xunta de Galicia diferentes necesidades con respecto aos comedores (Pleno 28/11/2013)
- Acordo por maioría de votos emitidos (15 votos favorables e 2 en contra) de aprobación da moción presentada pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa para transmitir á Consellería de Educación da Xunta o rexeitamento ao proxecto de lei LOMCE. (Pleno 18/04/2013)
- Acordo por maioría de votos emitidos (18 votos favorables e 1 en contra) de aprobación da moción presentada pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa para transmitir á Consellería de Educación da Xunta o rexeitamento ao proxecto de novo Decreto de comedores escolares. (Pleno 18/04/2013)

7.3 Información e comunicación coa comunidade educativa:

O **correo-e** cemv@vigo.org foi a referencia para centralizar información entre os/as distintas representantes no Cemv, pois é o correo que se utiliza para facer as convocatorias e aclarar cuestións.

A **páxina web** do CEMV (www.cemv.vigo.org) concíbese como unha plataforma de información sobre a actividade do CEMV á comunidade educativa. Nela recóllese a documentación derivada das xuntanzas (actas e acordos) e un apartado de novas relacionadas co Consello. Así mesmo, constitúe unha ferramenta de comunicación bidireccional, xa que permite á comunidade educativa transmitir comentarios sobre as novas publicadas, e trasladar suxestións, opinións e propostas ao CEMV.

Deuse cobertura no **blog** do Cemv a 12 novas:

| | |
|------------|---|
| 09/10/2012 | II Xornadas de Interculturalidade organizadas por FOANPAS |
| 01/02/2013 | O Concello celebrou o Día Mundial das zonas húmidas cun programa de actividades con escolares |
| 15/03/2013 | O Concello abre o prazo de convocatoria para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais |
| 21/03/2013 | Olga Alonso nova Presidenta do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV) |

| | |
|------------|---|
| 28/03/2013 | I Jornadas de Inclusión Educativa de Foanpas |
| 23/04/2013 | Acordos adoptados polo Consello Escolar Municipal de Vigo na primeira xuntanza do 2013 |
| 14/05/2013 | O Concello de Vigo promove unha nova edición do IV CERTAME DE ARTE INFANTIL |
| 14/05/2013 | Obradoiro de escrita creativa e videofórum sobre Roberto Vidal Bolaño |
| 24/05/2013 | IV XORNADAS MUNICIPAIS DE TEATRO ESCOLAR |
| 31/05/2013 | O Concello de Vigo a través do seu Consello Escolar Municipal CEMV, fai un recoñecemento ás figuras de Constancio Veiga e Jose Mª García Picher |
| 11/06/2013 | Actividades de fin de curso das Escolas Municipais de Música e Artes |
| 18/06/2013 | Preinscrición para o curso 2013-2014 das Escolas Municipais de Música e Artes |

Anexos

Membros do CEMV (actualizado no último Pleno do curso 2012-2013)

Pleno

Presidenta: Olga Alonso Suárez (Concelleira de Educación)
 Vicepresidente: Xan F. Centrón Montero
 Secretario: Pedro Mº Vázquez Iglesias

Sector docente

| | |
|--------------------------------|---|
| Antonio Madrid Riskey | Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia |
| Eugenio de la Iglesia Delgado | Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia |
| Anxos Collazo Trigo | CIG-Ensino |
| Xesús Rodríguez Amil | CIG-Ensino |
| Santiago Rodríguez Sánchez | CIG-Ensino |
| Rafael Domínguez de la Iglesia | UXT |
| Isabel López Lorenzo | UXT |
| Adolfo Gálvez Pazos | FSIE Galicia |
| Pedro Nozal Cantarero | USO |
| Tereixa Otero Dacosta | STEG |

Sector usuarios/as

| | |
|-----------------------------------|----------------------------|
| María Jesús Granja Pereira | FOANPAS |
| Mª Bertila Fernández Pérez | FOANPAS |
| Nuria del Río Campos | FOANPAS |
| Vanesa Villa Blázquez | SURGAPA |
| José F. Rodríguez Pérez | SURGAPA |
| Mª Dolores Irazo Simo | SURGAPA |
| Mª Cristina de la Calle Rodríguez | ALUMNA (EPAPU Berbés) |
| Julia Fernández Casado | ALUMNA (IES do Castro) |
| Silvana Mª Moscoso Pérez | ALUMNA (CPR Mendiño) |
| Cynthia B. Pereira Romero | ALUMNA (CPR Mª Inmaculada) |

Sector social

| | |
|-----------------------------|---|
| Esperanza Dacosta Dapena | Director/a centros públicos primaria |
| Jaime Estévez Vila | Director/a centros públicos secundaria |
| Consuelo Martínez García | Central sindical (non ámbito educativo) |
| Manuel Alonso Vieytes | Titular centros privados |
| Cipriano Luis Jiménez Casas | CERMI-Galicia |
| José A. Fernández Rodríguez | Confederacións de empresarios de Vigo |
| Xan F. Centrón Montero | Especialista en educación |
| Franciso Piñeiro Lorenzo | Federación Veciñal Eduardo Chao |
| Iolanda Veloso Ríos | Consello Municipal da Muller |
| Manuel Vieites García | Ensinanzas artísticas |

Representante da Administración Educativa

Comisión Permanente

| | |
|--|--|
| Presidenta: Olga Alonso Suárez (Concelleira de Educación) Vicepresidente: Xan F. Centrón Montero Secretario: Pedro M ^a Vázquez Iglesias | |
| Vogal do sector docente | Santiago Rodríguez Sánchez |
| Vogal do sector usuarios/as | M ^a Bertila Fernández Pérez |
| Vogal do sector social | Esperanza Dacosta Dapena |
| Presidenta da comisión pedagóxica | Eugenio de la Iglesia Delgado |
| Presidenta da comisión de equipamentos | Tereixa Otero Dacosta |

Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

| | |
|--|---|
| Presidenta: Eugenio de la Iglesia Delgado Secretaria: María Jesús Granja Pereira Vogal: Jaime Estévez Vila | |
| Sector docente | Pedro Nozal Cantarero Rafael Domínguez de la Iglesia |
| Sector usuarios/as | M ^a Bertila Fernández Pérez |
| Sector social | Cipriano Luis Jiménez Casas |

Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa

| | |
|---|--|
| Presidenta: Tereixa Otero Dacosta Secretario: Esperanza Dacosta Dapena Vogal: José F. Rodríguez Pérez | |
| Sector docente | Isabel López Lorenzo Santiago Rodríguez Sánchez |
| Sector usuarios/as | M ^a Dolores Iranzo Simo |
| Sector social | Cipriano Luis Jiménez Casas José A. Fernández Rodríguez |

Relación de altas e baixas durante o curso escolar 2012-2013

| Presidencia | Baixas | Altas |
|-------------|---------------------|-----------------------------------|
| Presidenta | Raquel Díaz Vázquez | M ^a Olga Alonso Suárez |

| Sector Docente | Baixas | Altas |
|----------------|--|-------------------------------|
| CCOO | M ^a del Carmen Lorenzo Vila | Eugenio de la Iglesia Delgado |
| CIG-Ensino | Marina Pérez Costas | Anxos Collazo Trigo |

| Sector Usuarios | Baixas | Altas |
|-----------------|----------------------------|----------------------------|
| FOANPAS | Iago Fernández Fonseca | María Jesús Granja Pereira |
| FOANPAS | Juan José Piñeiro Martínez | Nuria del Río Campos |
| SURGAPA | Beatriz Blanco Bastos | Vanesa Villa Blázquez |

| Sector Social | Baixas | Altas |
|---|-----------------------------------|--------------------------|
| Director/a centros públicos secundaria | Manuel Rodríguez González | Jaime Estévez Vila |
| Director/a centros públicos primaria | M ^a Olga Alonso Suárez | Esperanza Dacosta Dapena |
| Central sindical (non ámbito educativo) | Consuelo Martínez García | Aurora Álvarez Castro |
| Titular centros privados | Joaquín Pereira Somoza | Manuel Alonso Vieytes |
| Consello Municipal da Muller | Ángeles Arias Miño | Iolanda Veloso Ríos |
| Ensinanzas artísticas | Rodrigo Romaní Blanco | Manuel Vieites |
| Director/a centros públicos secundaria | Manuel Rodríguez González | Jaime Estévez Vila |

Algunhas imaxes do curso 2012-2013



Xuntanza da Comisión Permanente 15-11-2013



Homenaxe a Chito Veiga e García Picher



Xuntanza da Com. Permanente 11-04-2013



Pleno 18-11-2013



Pleno_18-04-2013



Pleno_18-04-2013

Acordo

Acórdase aprobar por unanimidade a Memoria Anual da Actividade do CEMV no curso 2012-2013

5.- Informes e plans de traballo das comisións do CEMV

Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Esperanza Dacosta Dapena explica cal vai ser a liña de traballo desta Comisión e cal é o punto de traballo no que se atopan na actualidade:

PLAN DE TRABALLO

No curso 2013-2014 a Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa seguirá traballando na liña dos cursos pasados. Así, os eixos de traballo serán:

1. Infraestruturas
2. Liñas de Transporte
3. Mapa Escolar
4. Comedores
5. LOMCE

Esta comisión quere lembrar que o CEMV, segundo o regulamento, será consultado preceptivamente polo órgano municipal competente ou pola Administración educativa, con carácter previo á toma dos acordos, en cuestións coma as liñas de transporte, comedores escolares, zonificación,... e este papel consultivo nos permite pronunciarnos sobre estes temas

Os traballos a desenvolver serán os seguintes por cada bloque:

1. Infraestruturas

Facer un estudo das necesidades máis urxentes e primarias dos centros públicos da cidade a nivel de edificios, dotacións e accesos.

2. Liñas de Transporte

Facer un estudo das liñas de transporte escolar analizando as deficiencias e propondo alternativas que garantan a igualdade e a distribución igualitaria deste recurso. Para isto reiterarase a petición de información feita no curso pasado ao Xefe de Servizo de Transporte da Xefatura Provincial de Pontevedra da Consellaría de Educación e OU

3. Mapa Escolar

Retomar o tema da zonificación na liña de optimizar recursos e resolver as deficiencias da escola pública. Para facer este estudio solicitarase á Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo información sobre os espazos reservados no PXOUM para uso educativo.

4. Comedores Escolares

Reiterarase a moción presentada durante o curso pasado contra o Decreto de Comedores

5. LOMCE

Reiterarase a moción presentada durante o curso pasado contra o anteproxecto de lei LOMCE

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS

Dende o último Pleno do Consello Escolar Municipal do Concello de Vigo, celebrado o 18 de abril do presente ano, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, non tivo ningunha reunión presencial. Con todo, si tivemos contactos por correo electrónico e teléfono para levar a cabo o seguimento do Plan de traballo para o curso 2012-2013 e para establecer as liñas do que se fará durante o presente curso.

O curso 2013-14 arranca coa renuncia da ata agora presidenta desta comisión, Tereixa Otero, co que este equipo de traballo está formado cada vez por menos persoas, o que diminúe a súa capacidade de actuación. Por isto solicítase aos membros do Pleno que se involucren e ingresen a formar parte desta Comisión na medida das súas posibilidades.

En canto ao momento de traballo actual, despois de ter pedida toda a información precisa para continuar coa análise da zonificación escolar, na liña de optimizar recursos e resolver as deficiencias na oferta de prazas na escola pública desta cidade, obtivemos os seguintes resultados:

1. A petición por rexistro ao Xefe de Servizo de Transporte da Xefatura Provincial de Pontevedra da Consellaría de Educación e OU, das liñas de transporte escolar, das paradas e número de usuarias e usuarios de cada unha, dos colexios públicos da cidade de Vigo, para coñecer o funcionamento e xeito de organización, nunha posible nova zonificación escolar. Non obtivemos resposta polo que se reiterou a solicitude desde a presidencia do CEMV no inicio deste curso escolar.

2. Fíxose petición por rexistro na Xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo do número de espazos reservados no PXOUM para uso educativo, así como os valores demográficos tidos en conta á hora de facer a zonificación no Mapa Escolar. Esta foi aportada aínda que non se puido valorar na súa totalidade.

3. Desde Estatística do Concello de Vigo aportáronse datos estatísticos da poboación en idade escolar (0-16 anos) censada por parroquias. Esta pendente de ser analizada.

4. Esta comisión presentou a finais do curso pasado dúas mocións, unha sobre a LOMCE e outra sobre comedores. Agora farase unha reiteración das mocións, incluíndo algúns datos a maiores na moción de comedores.

Esperanza aproveita para reiterar o que comentou o Secretario antes sobre a composición actual da Comisión, e pídlle aos compañeiros do Consello que se incorporen a este grupo xa que o traballo que pretenden facer é complexo e precisarán axuda.

Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

Eugenio de la Iglesia Delgado presenta o plan de traballo e informe da comisión:

PLAN DE TRABALLO

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa leva desde o ano 2010 centrando os seus esforzos na convivencia escolar. As actividades principais que van marcar o plan de traballo anual desta comisión son a posta en marcha do programa **O que falas, fala de ti. A linguaxe na convivencia** e a organización das **II Xornadas de Convivencia Escolar**.

Este plan está supeditado á aprobación del polo Pleno do Cemv. Cando isto se faga, iniciaranse as accións que nel se contemplan.

Durante o curso 2011-2012 celebráronse con éxito as I Xornadas de Convivencia Escolar. No transcurso destas, e dada a relevancia da temática tratada, esta comisión estableceu o compromiso de celebrar unhas xornadas de similares características con

carácter bianual. Este ano quérese facer especial fincapé na convivencia entre docentes e pais e nais.

Ademais de celebrar estas xornadas, e como complemento destas, propónse a posta en marcha do programa “O que falas, fala de ti”, que promoverá experiencias sobre linguaxe e convivencia nos centros educativos.

Establecemos a continuación o plan de traballo a desenvolver durante o curso 2013-2014, dividindo as diferentes actuacións en trimestres.

| |
|--------------|
| 1º trimestre |
|--------------|

II Xornadas de Convivencia

1. Esbozo do programa
2. Concretar data, lugar, destinatarios e formato das intervencións. Valorarase a posibilidade de usar o auditorio do Concello ou do Verbum.
3. Proposta dos diferentes relatores ao Pleno

O que falas, fala de ti

1. Contactar cos centros educativos convidando a que participen no programa
2. Envío de díptico informativo aos centros explicando en que consiste o programa e os prazos para inscribirse.
3. Reunirse cos coordinadores de centro para darlles pautas básicas de traballo

| |
|--------------|
| 2º trimestre |
|--------------|

II Xornadas de Convivencia

1. Peche do programa
2. Facer convites aos relatores
3. Establecer o Plan de difusión:
 - Elección do soporte de difusión
 - Rolda de prensa
 - Convites feitos polo Concello, Saúdas.

O que falas, fala de ti

1. Manter o contacto cos coordinadores de centro para seguir o programa
2. Darlles instrucións aos centros sobre o formato de presentación dos seus traballos nas Xornadas de Convivencia.

II Xornadas de Convivencia

1. Presentación do programa da xornada de Convivencia Escolar aos medios
2. Envío da convocatoria aos centros educativos e Anpas
3. Días 9 e 10 de Abril: Celebración da Xornada
4. Avaliación interna do resultado das xornadas

O que falas, fala de ti

1. Exposición e presentación do traballo realizado
2. Avaliación interna do resultado das xornadas

Para a consecución deste Plan de Traballo, a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa solicita a colaboración activa ao resto dos membros do CEMV, que poderán participar activamente tanto nas II Xornadas de Convivencia coma na posta en marcha do programa **O que falas, fala de ti**.

INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Na xuntanza celebrada o 25 de setembro estableceuse o plan de traballo anual da Comisión que se centrará na posta en marcha do programa **O que falas, fala de ti. A linguaxe na convivencia** e na organización das **II Xornadas de Convivencia Escolar**.

A día de hoxe, esta comisión atópase inmersa na preparación da campaña **O que falas, fala de ti**, que promoverá experiencias sobre linguaxe e convivencia nos centros educativos. A continuación achégase o texto que se incluírá nun díptico que se distribuirá aos centros educativos do Concello. En canto ás **II Xornadas de convivencia**, comézase agora a traballar no esbozo do programa.

Proposta de texto para o díptico que presenta: O que falas, fala de ti

PORTADA: Título + pantallazos RRSS e recortes de titulares prensa onde se mostran frases negativas.

PRIMEIRA PÁXINA

O que falas, fala de ti.

A linguaxe e as formas de comunicación determinan o clima social e a convivencia. Sociedade e linguaxe son dúas realidades que non poden separarse. Esta constitúe un elemento fundamental da construción social: somos humanos na medida que nos comunicamos.

Por tanto, incidir na mellora da comunicación supón unha mellora das relacións sociais e dos valores de convivencia.

Se nos esforzamos en que as persoas se comuniquen mellor e de forma máis efectiva, a sociedade crecerá en cohesión e mellorará o clima social.

Fomentar o positivo, mellorar a comunicación, deben ser obxectivos prioritarios do sistema educativo e das organizacións sociais. Sabemos que é un camiño de longo percorrido, pero tamén entendemos que é imprescindible.

Animámosvos a pór en marcha este proxecto, esta ilusión. Que introduzamos na dinámica dos centros a convivencia como un obxectivo prioritario.

Vós sodes os axentes e ao mesmo tempo os protagonistas do proxecto. Vós decidides o alcance e a intensidade. Tamén as áreas e os medios do seu desenvolvemento.

Nós proporcionaremosvos as axudas necesarias para levalo a cabo, e para a súa difusión. Trátase de que as diferentes experiencias sirvan de enriquecemento para toda a comunidade educativa. A comunicación das experiencias e a cooperación entre docentes debe ser tamén un obxectivo prioritario, cara ao enriquecemento común.

Grazas pola vosa atención e sensibilidade.

Grazas pola vosa valentía.

Grazas por crer que a convivencia debe ser obxectivo prioritario, e imprescindible para unha sociedade máis humana, máis xusta e democrática.

Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do
Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV)

SEGUNDA PÁXINA

QUEN PODEMOS PARTICIPAR?

- Centros educativos do Concello de Vigo, que poderán traballar sos ou con proxectos intercentros.

É interesante a colaboración cos demais axentes da comunidade educativa: Anpas, Asociacións,...

EN QUE PODEMOS TRABALLAR?

O tema principal para traballar é a linguaxe na convivencia. A partir de aí cada centro poderá traballar na área que prefira, con total liberdade e adaptándose ás circunstancias do propio centro e do grupo co que se vaia traballar: lingua, literatura, música, deporte,...

QUE FORMATO TEN QUE TER O NOSOS TRABALLO?

O formato elixido variará dependendo da área de traballo. Así por exemplo o traballo pode ser elaborar un cómic, un microrrelato, unha curtametraxe, un estudo realizado polos rapaces sobre unha cuestión concreta, unha presentación na que se vexan imaxes do feito no Centro, un cancionero, unha peza teatral,...

QUE TEMOS QUE FACER PARA FORMAR PARTE DO PROXECTO?

Os Centros Educativos interesados teñen que nomear a un coordinador/a da actividade, que formalizará a inscrición do Centro cubrindo o formulario que se atopa en www.cemv.org. Prazo de inscrición: ata o 5 de novembro

Os coordinadores asistirán a unha xuntanza informativa que se celebrará no IME o día 6 de novembro.

COMO SE VAI FACER VISIBLE O NOSO TRABALLO?

Os traballos daranse a coñecer da seguinte maneira:

- O traballo desenvolto polos centros, publicarase nos medios dixitais que o Concello de Vigo habilite para tal fin
- Ademais, os traballos feitos durante o curso plasmaranse nunha exposición de traballos nun equipamento cultural da cidade. A cada centro asignaráselle un espazo para que, usando o formato que considere mais axeitado, expoña o traballo feito durante o curso.
- Presentación dos proxectos nas II Xornadas de Convivencia. Convidarase aos centros que fagan os proxectos mais representativos e innovadores a que fagan unha presentación do seu traballo.
- Publicación dos traballos nun CD ou USB

Durante as II Xornadas de Convivencia Escolar farase entrega das distincións aos alumnos e alumnas e centros participantes

Presentado o informe, o Secretario reparte o díptico do programa *O que falas, fala de ti*, xa editado, e explica que nesa mesma semana se vai facer o envío tanto a través de correo ordinario como de correo electrónico a centros educativos e a todos os colectivos que a Comisión considere.

6.- Propostas de mocións

Propostas de mocións da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre comedores

Santiago Rodríguez, membro da comisión de equipamentos presenta a seguinte moción sobre comedores:

ANTECEDENTES

No último pleno celebrado o 18 de abril de 2013, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa presentou unha moción sobre comedores escolares que foi aprobada polo Pleno con maioría de votos a favor (18 votos) e co único voto en contra do representante da administración educativa. A través desta o Pleno do Órgano Colexiado rexeitou o proxecto de decreto de comedores escolares da Consellería de Educación.

TEXTO

Reiteramos as nosa moción de novo no Pleno, para que se faga efectivo o dereito a unha comida diaria a aquel alumnado que deba permanecer no seu centro escolar, o cal sucede baixo a responsabilidade da Administración educativa, sen que iso supoña unha carga que penalice as familias que o necesiten.

Non se debe esquecer que dita permanencia é consecuencia do cumprimento da obriga das familias e a Administración á escolarización dos menores de 16 anos, e que esta é un dereito fundamental destes.

Solicitamos que se achegue esta resolución ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria así coma aos Partidos Políticos do Concello coa finalidade de que esta demanda sexa coñecida por toda a cidadanía de Vigo.

Anéxase a seguinte documentación:

- Moción aprobada o 18 de abril de 2013 sobre Comedores Escolares

Bertila Fernández comenta que o que está a suceder cos comedores é a proba clara de que a Xunta quere desfacerse deste servizo tan necesario. Aparte da sangría económica á que queren someter as familias, úneselle o dano que se fai ás mulleres a niveis ideolóxicos. “Doe moito para unha nai escoitar dun cargo público que o problema cos comedores empeza no momento en que as mulleres deciden traballar fora da casa” comenta Bertila. Para ela, este tipo de comentarios, mostra que non lles interesa o máis mínimo o papel que desempeñan os comedores na conciliación da vida familiar e laboral. O Decreto ademais, dificulta a convivencia entre pais, anpas e direccións, e entre os propios pais e nais. Bertila Fernández, pensa que o CEMV, o Concello, a sociedade en xeral debe ser máis contundente con este tema. Que si queren que a Xunta os comedores, pero non a calquera prezo. En Foanpas levan tempo xestionado os comedores, e ano tras ano están facendo melloras e non queren que agora se vaian a perder. Comenta que en Vigo se vai crear unha Mesa de Comedores na que estarán representados os de xestión directa e indirecta e os xestionados polas anpas, os directores, o Concello co obxectivo de defender o servizo que xa existe e para evitar que se deteriore. Explica que tamén lles gustaría que nesta Mesa estivera representada a Xunta e que xa llo fixeron saber a César Ares.

Olga Alonso comenta que a nivel galego existía unha Mesa de Comedores pero non escoitaron nunca as súas propostas, nin para elaborar o decreto.

Pedro Nozal, manifesta apoio total ao que di Bertila e pensa que desde o Consello Escolar se debería facer algo máis para reivindicar este tema tan importante.

Iolanda Veloso, comenta que todo o que está a pasar cos comedores, aparte de afectarlle a nenos e nenas que son os que os sobren en primeira persoa, este é un problema para as nais. No plan Municipal de Igualdade do Concello de Vigo unha das medidas que se recolle é a conciliación da vida laboral e familiar, que normalmente é máis necesaria para mulleres que para homes. Servizos como os comedores escolares son unha ferramenta imprescindible para esta conciliación, e incluso para axudar na procura de traballo a moitas

nais que non o teñen. Comenta ademais que na nova lei da reforma local, a promoción da conciliación da vida familiar e laboral recóllese como un dos servizos que se considera impropios para os Concellos, o cal vai a empeorar a situación. Coincide no dito anteriormente sobre a inaccesibilidade da Administración para a cidadanía e cre que é imprescindible organizarse para poder levar adiante iniciativas e facer fronte a isto.

Francisco Piñeiro cometa que non comprende como administración despois de moitos anos siga sen entender porque é necesario este servizo. Polo de agora só se conseguiu que a Xunta se fixera cargo dalgúns comedores, pero ao final foi peor o remedio. Francisco pensa que a xestión que se fai dos comedores de Vigo por parte dos pais e nais é perfecta e agora hai que loitar por manter este servizo.

Bertila explica que cando se tratou o tema de que a administración asumira os comedores, na reunión que se fixo en Santiago, a maioría de Anpas presentes levantouse e foise porque preferiron seguir xestionando os comedores que caer naquel pozo. Os comedores que pasaron de estar xestionados polas Anpas a estar xestionados pola Xunta perderon moitísimo. O nivel de xestión e de servizo dos comedores xestionados polas anpas é moitísimo mellor, un traballo feito cunha grandísima profesionalidade, dando servizos que son imprescindibles para o correcto funcionamento.

Eugenio de la Iglesia, comenta que moitos pais e nais chaman ao sindicato, falando de rebelión. Comenta que lle teñen preguntado que pasaría se todas as nais e pais se poñen de acordo para non pagar. E di ademais que os pais están preocupados porque son conscientes de que agora é o comedor pero pronto será o transporte. Para Eugenio esta administración solo entende de problemas de ricos e pobres, e o de comedor é un problema de pobres, polo que non interesa. E este non é un problema só dos usuarios, e un problema de toda a sociedade e pensa que como Consello Escolar Municipal deberían ser moi duros.

Isabel López propón escribir desde o CEMV unha carta de repulsa contra a situación actual, explicando que cando se lles pediu axuda non era para que deterioraran máis o sistema. Rafael Domínguez comenta que hai algo que lle

parece estraño con respecto aos tres tramos de pago do comedor. Estes son 1€, 2,5€ e 4,5€ e o curioso é que os dous últimos están por encima da achega da Xunta. A Xunta achega 1,96€ por cada rapaz e día e os que pagan no tramo máis alto pagan dúas veces e media o que ten que pagar a Xunta. Págase bastante máis do que a propia Xunta di que costa o menú diario.

Isabel insiste en que se envíe unha carta a tódolos representantes. O secretario explícalle que tódalas mocións son enviadas aos responsables da administración educativa por correo certificado.

Santos Héctor pensa que todo o que está a pasar vai na mesma dirección, a intención é a demolición do sistema público, a educación, a sanidade, a ciencia e investigación,... Como concelleiro bríndase a apoiar todas as iniciativas que o Consello decida levar adiante, sexa enviar unha carta, facer mobilizacións,...

Agostiño Nieto pensa que aínda que o descontento existe na poboación, non se fai o suficiente ruído, xa que isto non sae dos medios de comunicación. Pensa que se os medios fan unha reportaxe co que está a suceder é probable que lle chegue á administración. Bertila, di que cando lle fixeron o recorte de 180.000€ da subvención aos comedores de Vigo, fixeron unha mobilización, unha comida na Praza da Estrela e a portavoz fixo unhas declaracións á prensa e foi tachada por parte da delegada da Xunta en Vigo de demagoga, díxose que estaba posta por un partido, que facía propaganda electoralista,... e toda clase de insultos. E todo isto saíu nos medios sen facer demasiado efecto. Iolanda Veloso comenta que claro que está nos medios, pero como non é un problema de ricos o espazo que se lle dedica é ben pouco.

Agostiño Nieto di que non sabe como se pode provocar unha campaña de prensa sen que o pareza. Pero sería interesante conseguir que un medio fixera unha reportaxe sobre isto en profundidade. Porque iso seguro que chegaría á Xunta.

Santos Héctor, comenta para rematar que o problema non é que a administración non teña cartos, senón que en vez de dedicarllos ás persoas llos dedican a outras cousas, porque nos orzamentos está a intención política de quen os fai. Apunta que agora está de moda que nos orzamentos se poña todo o que a poboación quere escoitar, aínda que logo se cambie a través de

modificacións de crédito e non se gaste no que inicialmente se comprometera.
Dito isto procédese á votación da moción

Acordos adoptados

Apróbase a proposta da Comisión de Equipamentos por unanimidade

Moción sobre a LOMCE

Propostas de mocions da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre a LOMCE

O Presidente da Comisión de Equipamentos presenta a moción na que se mostra o total rexeitamento á LOMCE:

ANTECEDENTES

No último pleno celebrado o 18 de abril de 2013, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa presentou unha moción sobre na que se rexeitaba o anteproxecto de lei LOMCE. Esta foi aprobada polo Pleno con 13 de votos a favor e 2 en contra.

TEXTO

Reiteramos as nosa moción contra a LOMCE, dado que a lei aínda non foi aprobada definitivamente. Apoiamos o debate social sobre o presente e futuro da educación xerado polo movemento de oposición a este proxecto de lei. Animamos á participación nel e na folga convocada no ensino o día 24 de outubro de 2013.

Solicitamos que se achegue esta resolución ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria así coma aos Partidos Políticos do Concello coa finalidade de que esta demanda sexa coñecida por toda a cidadanía de Vigo.

Anéxase a seguinte documentación:

- Moción aprobada o 18 de abril de 2013 sobre a LOMCE
-

Pedro Nozal comenta que sigue en desacordo co texto da moción que agora se reitera tal é como manifestou no Pleno do 18 de abril de 2013. Di que si apoia a convocatoria de folga pero en defensa de todas as escolas, públicas e concertadas. Lémbrale ao Pleno que os recortes están afectando á pública pero tamén ao ensino concertado. A política de recortes está facendo que diminúan os dereitos laborais, están baixando as plantillas, baixan os interinos e substitutos, cérranse unidades concertadas, hai profesores que van ao paro, hai unha nova conxelación de salarios, dinamítase a negociación colectiva, discrimínase a escola diferenciada, que ten unha alta demanda social, e que un estado plural e democrático debe recoñecer,.... Comenta que non participan na Plataforma pola Escola Pública por considerala excluínte, xa que exclúe aos centros non públicos. Di que desde o seu sindicato rexéitase a LOMCE e apóiase a folga. Nese sentido podería apoiar a moción que agora se presenta, pero non pode apoiarse o texto que se achega por frases como “Só a través dun sistema público de ensino se pode garantir o aminoramento das diferenzas sociais” ou “se manteñen e se incrementan as axudas ás empresas de ensino privado concertado, mesmo cando segregan ao alumnado por sexo”. Para Pedro Nozal estas dúas afirmacións son falsas. Con respecto á primeira Pedro di que debería dicir que so garantindo a liberdade de elección de centros ás familias, que son as que educan, se pode convivir en liberdade, porque hai que respectar a liberdade de pensamento, a liberdade de conciencia de cada unha,etc. E un sistema único conduce a un pensamento único, cousa que é negativa. Con respecto á segunda frase mencionada, Pedro comenta que os profesores da concertada sufriron máis dun 12% de recortes na masa salarial nos dous últimos anos, que so este ano se perderon 19 unidades concertadas, que ademais de retirou o concerto ao primeiro curso dos centros diferenciados, etc. Así pois, por estas dúas afirmacións non pode apoiar a moción, así que se non se modifica o texto que inclúe na moción, terá que absterse.

Santiago Rodríguez, contestando a Pedro, explica que o texto non se vai modificar porque foi aprobado nunha xuntanza plenaria, e non pode cambiarse. Con respecto ao comentado sobre os recortes que sofre o profesorado, Santiago lembra que a moción non vai no sentido dos intereses do profesorado

como traballadores, senón que vai no sentido educativo e social que ten a lei. En canto á frase “Só a través dun sistema público de ensino se pode garantir o aminoramento das diferenzas sociais”, Santiago explica que con ela non se di que non debe haber outros sistemas, o que di, e que so a través do sistema público se garante a igualdade, porque quen non teña recursos non pode acceder a este servizo se non é público. Non se nega que poidan existir outros sistemas.

Olga Alonso apunta que ademais non se está a falar de escola pública, explica que na moción falan de sistema público e desde que un centro privado recibe cartos do estado, desde o momento que existe o concerto, xa se considera dentro do sistema público. Para Olga, a situación actual é tan crítica que pensa que o correcto non é que haxa división entre profesores e centros. O máis importante é a educación e hai que esquecer as diferenzas entre escolas públicas e privadas, e loitar xuntos para conseguir un ensino de calidade. O máis importante é o rexeitamento da LOMCE.

Antonio Madrid, comenta que lendo a moción, el ve clarísimo que esta non di que so deba existir un sistema público, senón que di que so un sistema público garante o acceso á educación, e isto é verdade. Non di que non deba existir outro tipo de centros aparte dos públicos.

Santiago recorda que non se fala de tipo de centros, fálase de sistema público e os centros concertados están dentro do sistema público. Con respecto ao que comentaba Pedro Nozal dos centros que segregan o alumnado por sexos, Santiago lembra que hai unha sentenza que prohibe os concertos a este tipo de centros e a Xunta só eliminou os concertos nos primeiros cursos alegando que podería ser discriminatorio para aqueles que xa están estudando no centro e comezaron existindo o concerto. En canto ao que comentaba do descenso de unidades nos centros concertados, Santiago informa de que o curso comezou con menos unidades nos centros públicos e co aumento de unidades nos privados concertados, polo menos nos datos que el manexa no sindicato. E lembra que na moción non se fala deste tema. O que se di é que “se manteñen e se incrementan as axudas ás empresas de ensino privado concertado”, e iso é real.

Tralo debate, o secretario solicita que se vote a moción.

Acordos adoptados

Apróbase a proposta da Comisión de Equipamentos para ser remitida á Consellería de Educación co seguinte resultado: 14 votos a favor e 1 abstención.

Propostas de mocions da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre libros de texto

Bertila Fernández presenta a moción:

----- ANTECEDENTES

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca, FOANPAS, representa en Vigo preto de 15000 familias que apostan pola escola pública e cren na calidade e pluralidade da mesma. A situación económica no noso país vén a dificultar dun xeito evidente e grave o instante no que hai que plantexarse o acceso ao material didáctico e libros de texto.

O actual sistema chamado “solidario” pola Consellería de Educación é inxusto e discriminatorio, a parte de excesivamente caro para a administración correspondente. Este sistema veu substituír a gratuidade dos libros de texto e sistema de préstamo implementado no ano 2003 polo entón Conselleiro de Educación Celso Currás, que garantía o acceso aos libros de texto á totalidade do alumnado da nosa comunidade.

Os beneficios do sistema de préstamo, a parte do económico, tamén se ven reflectidos na implicación do alumnado no trato e coidado aos libros, no traballo de valores como a solidariedade e respecto aos bens públicos, a educación para o consumo ademais de ser un amparo e unha contribución á defensa do patrimonio cultural e natural.

Baseándonos no que a Constitución e a lexislación promulgan, a gratuidade do ensino é un dereito consagrado. A gratuidade dos libros de texto é unha conquista social dos galegos e das galegas de toda a comunidade educativa (nais, pais, mestres, mestras...).

TEXTO

En consecuencia, esiximos que retorne o sistema de gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio.

Francisco Piñeiro di que este é o exemplo de cómo unha vez máis a sociedade, os pais e nais e veciños lle demostran á Xunta que pode haber un sistema que funciona, e que se pode xestionar, como son os bancos de libros, ao igual que pasa cos comedores. A Xunta asume o tema de comedores e encarece o servizo e colle o tema de libros e fai o mesmo.

Bertila Fernández comenta que en moitas anpas están a recibir requirimentos e ameazas de denuncias polo tema de bancos de libros.

O presidente somete a moción a votación.

Acordos adoptados

Apróbase a moción da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa por unanimidade.

7.- Rogos e preguntas

Isabel López pregunta pola **gardería infantil** que se vai construír en **Navia**, quere saber se vai estar subvencionada por parte de Inditex como saíra en prensa e onde se vai situar. Santos Héctor aclara que nun inicio houbo contactos coa Fundación Amancio Ortega pero que finalmente non foron adiante e a escola infantil vaise facer con presuposto municipal 100%. O secretario apunta que se ubicará na Rúa Pedra Seixas e que contará con 3 unidades. Isabel pregunta pola escola infantil de **Mestres Goldar**, e Pedro M^a Vázquez explica que xa se está rematando a obra e que se está equipando co material básico. Informa de que comezará a funcionar en breve. Adxudicarase a xestión á unha empresa a través dun concurso público.

Bertila Fernández comenta que están detectando a que pode ser a **porta do tupper**. Hai moitas familias que tiveron que renunciar á praza de comedor por non poder pagala e nalgúns casos ao estar vinculado o comedor ao transporte escolar, estes nenos non poden ir para a casa ata que os demais acaben de comer ou ata que as familias os poidan recoller. Para estes casos hai servizos

de gardería ata as 16:00h. Dá medo pensar que esa vai ser a porta do tupper.

Xan centrón, fai unha referencia ao comentado anteriormente sobre o ensino público e concertado. Comenta que despois de facer unha análise, pode afirmar que o ensino público non está unicamente definido pola súa titularidade. Hai colexios de titularidade pública, colexios concertados de titularidade pública, colexios concertados de titularidade privada, colexios públicos de titularidade privada... O que define o ensino público son as seguintes características: democrático, participativo, científico, integrador, equilibrador de desigualdades e gratuíto. Cando un centro reúne todo isto, podemos falar de ensino público o demais son cuestións de titularidade.

Sen máis temas que tratar levántase a sesión ás 20:05.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Santos Héctor Rodríguez Díaz